4. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

Nº LOTE	EMPRESAS	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
1	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	8,87%	3%	36 MESES
2	MOV. ARIDOS Y CONSTR. AROSA SL	9,50%	3%	36 MESES
3	CONSTRUCCIONES FECHI SLU	13,40%	3%	36 MESES
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	15,80%	3%	36 MESES
5	CONSTRUCCIONES E C CASAS SL	11,10%	3%	36 MESES
6	NAROM SL	9,49%	3%	36 MESES

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa +XUNTAS 2024. (Expte.-2023072103).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de execución do programa +XUNTAS 2024.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 04/04/2024 procedeu a apertura dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)



A Mesa de Contratación na reunión do 4 de abril de 2024 tamén procede á apertura electrónica do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos da única empresa presentada sendo os valores ofertados os seguintes:

Empresa: UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)

- 1.- Prezo unitario ofertado por obradoiro :

Importe sen o IVE (por obradoiro):1.291,15
IVE (21. %):271,14 €
Importe total ofertado (por obradoiro):1.562,29

- 2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en Igualdade (Máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº de persoas ofertadas con formación en Igualdade: 2

- 3.- Compromiso de aportar un/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade:

SI Non

- 4.- Aportación dun servizo de tradución simultánea en linguas estranxeiras (inglés, francés, portugués e árabe) co fin de facilitar o acceso e integración a mulleres inmigrantes.

SI Non

- 5.- Aportación de máis medios audiovisuais dos esixidos no catálogo nas accións formativas incluídas no bloque + Tecnoloxía : pantalla, proxector, altafalante e PC para a persoa docente.

SI Non

- 6.—Entrega de memoria fotográfica en soporte USB a cada entidade participante que conteña un mínimo de 25 fotografías e dous vídeos, ata un máximo de 5 puntos.

SI Non

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” correspondentes aos criterios avaliables automaticamente de conformidade co establecido nos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións acadadas segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con CSV (Q7T92S8ZHQE3P1DA) as seguintes:



Puntuación sobre B.- Criterios automáticos (max 100 puntos)	
Criterios	UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)
1.- Menor prezo unitario por Obradoiro (Máx 40 puntos)	0,317 puntos
2.-Persoal de xestión do programa con formación en igualdade (Máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).(Máx 20 puntos)	8 puntos
3.- Compromiso de aportar un/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. (Máx 10 puntos)	10 puntos
4.-Aportación dun servizo de traducción simultánea en linguas estranxeiras (inglés, francés, portugués e árabe) co fin de facilitar o acceso e integración a mulleres inmigrantes (Máx 10 puntos)	10 puntos
5.-Aportación de máis medios audiovisuais dos esixidos no catálogo nas accións formativas incluídas no bloque + Tecnoloxía : pantalla, proxector, altofalante e PC para a persoa docente(Máx 15 puntos)	15 puntos
6.-Entrega de memoria fotográfica en soporte USB a cada entidade participante que conteña un mínimo de 25 fotografías e dous vídeos. (Máx 5 puntos)	5 puntos
Total	48,317 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada pola única oferta presentada pola empresa que concorre neste procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresa	Puntuación total
1ª	UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944)	48.317

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,



a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación dos Servizo de execución do programa + XUNTA 2024 á UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)-CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (CIF B-15.666.944).

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles, na contorna comercial de 9 municipios do proxecto DA TUA MAN RURAL I, presentado á convocatoria de axuda 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. (Expte.-2023075506).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001386 de data 19 de febreiro de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles na contorna comercial de 9 proxectos “Da túa man Rural I” presentados á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU,

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21/02/2024.

Durante un prazo de presentación de ofertas, advírtese que nas localizacións afectadas por Patrimonio autorízase a intervención coa condición de que as xardineiras sexan de tipo natural como a pedra, madeira ou ferro figurando nas memorias técnicas, xardineiras 100% de plástico reciclado, polo que por Resolución Presidencial nº 2024001752 de data 1/03/2024 apróbanse as memorias técnicas rectificadas e reiniciase o prazo de presentación de ofertas que finaliza o 18/03/2024.

Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 21/03/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres únicos e unha vez descargada a documentación as empresas presentadas foron as seguintes:

- REVCOM ENERGIAS RENOVABLES S.L. NIF B70045497
- NAROM S.L. NIF B-36163418
- URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE S.L. NIF B-44952430
- CROUS S.L. NIF B-67152173

Os valores ofertados foron os seguintes:



CROUS S.L.

1. Prezo ofertado:

	Orzamento lic sen IVE	Prezo OFERTADO SEN IVE	21% de IVE	TOTAL IVE engadido
Arbo	3.775,11 €	3.020,00	634,20	3.654,20
Campo Lameiro	3.079,55 €	2.463,00	517,23	2.980,23
Cuntis	4.787,54 €	3.830,00	804,30	4.634,30
Forcarei	5.067,19 €	4.053,00	851,13	4.904,13
Meis	4.763,74 €	3.810,00	800,10	4.610,10
Mondariz	5.135,85 €	4.108,00	862,68	4.970,68
As Neves	5.092,22 €	4.073,00	855,33	4.928,33
Pontecesures	3.764,12 €	3.011,00	632,31	3.643,31
Rodeiro	5.363,70 €	4.290,00	900,90	5.190,90
TOTAL	40.829,02 €	32.658,00 €	6.858,18	39.516,18 €

2. Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses) 24 meses

3. Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses):24 meses.

NAROM, S.L.

1. Prezo ofertado:

	Orzamento lic. sen IVE	Prezo OFERTADO SEN IVE	21% de IVE	TOTAL IVE engadido
Arbo	3.775,11 €	3.596,17 €	755,20 €	4.351,37 €
Campo Lameiro	3.079,55 €	2.933,58 €	616,05 €	3.549,63 €
Cuntis	4.787,54 €	4.560,61 €	957,73 €	5.518,34 €
Forcarei	5.067,19 €	4.827,01 €	1.013,67 €	5.840,68 €
Meis	4.763,74 €	4.537,94 €	952,97 €	5.490,91 €



Mondariz	5.135,85 €	4.892,41 €	1.027,41 €	5.919,82 €
As Neves	5.092,22 €	4.850,85 €	1.018,68 €	5.869,53 €
Pontecesures	3.764,12 €	3.585,70 €	753,00 €	4.338,70 €
Rodeiro	5.363,70 €	5.109,46 €	1.072,99 €	6.182,45 €
TOTAL	40.829,02 €	38.893,73 €	8.167,68 €	47.061,41 €

- Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores do mínimo esixido (36 meses): **3 meses** a maiores facendo un total de 39 meses.
- Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores do mínimo esixido (36 meses): **12 meses a maiores** facendo un total de 48 meses.

URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE

- Prezo ofertado:

	Orzamento lic sen IVE	Prezo OFERTADO SEN IVE	21% de IVE	TOTAL IVE engadido
Arbo	3.775,11 €	3.760,00 €	789,60 €	4.549,60 €
Campo Lameiro	3.079,55 €	3.070,00 €	644,70 €	3.714,70 €
Cuntis	4.787,54 €	4.710,00 €	989,10 €	5.699,10 €
Forcarei	5.067,19 €	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
Meis	4.763,74 €	4.750,00 €	997,50 €	5.747,50 €
Mondariz	5.135,85 €	5.100,00 €	1.071,00 €	6.171,00 €
As Neves	5.092,22 €	5.050,00 €	1.060,50 €	6.110,50 €
Pontecesures	3.764,12 €	3.760,00 €	789,60 €	4.549,60 €
Rodeiro	5.363,70 €	5.300,00 €	1.113,00 €	6.413,00 €
TOTAL	40.829,02 €	40.500,00 €	8.505,00 €	49.005,00 €

- Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 12 meses.
- Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 12 meses.



REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, SL,

1. Prezo ofertado:

	Orzamento lic sen IVE	Prezo OFERTADO SEN IVE	21% de IVE	TOTAL IVE engadido
ARBO	3.775,11 €	3.290,48 €	691,00 €	3.981,48 €
CAMPO LAMEIRO	3.079,55 €	3.059,79 €	642,56 €	3.702,34 €
CUNTIS	4.787,54 €	4.120,24 €	865,25 €	4.985,49 €
FORCAREI	5.067,19 €	4.145,23 €	870,50 €	5.015,73 €
MEIS	4.763,74 €	4.120,24 €	865,25 €	4.985,49 €
MONDARIZ	5.135,85 €	4.244,00 €	891,24 €	5.135,24 €
AS NEVES	5.092,22 €	7.550,14 €	1.585,53 €	9.135,67 €
PONTECESURES	3.764,12 €	3.415,77 €	717,31 €	4.133,08 €
RODEIRO	5.363,70 €	4.714,55 €	990,06 €	5.704,61 €
TOTAL	40.829,02 €	38.660,44 €	8.118,69 €	46.779,13 €

2. Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 24 meses TOTAL: 60 MESES
3. Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 24 meses TOTAL: 60 MESES

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, obsérvase que a empresa Crous .S.L.. atópase en baixa temeraria.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21/03/2024 facultou ao Secretario para que proceda a requirirle á empresa CROUS S.L., que se atopaba en baixa temeraria para que no prazo de 5 días hábiles, contados desde o envío da comunicación, xustificara dita oferta, e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoñía para executar a prestación.

O Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local emite informe no que presta conformidade a documentación xustificativa da baixa temeraria achegada pola empresa CROUS S.L.



A continuación procedeuse a efectuar as valoración das ofertas económicas aportadas polas empresas de conformidade cos criterios establecidos nos pregos as puntuacións obtidas na valoración dos criterios avaliados mediante fórmulas, e que son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	REVCOM	NAROM	URBANISMO TEC SOST	CROUS S.L.
1. Menor prezo ofertado ata 70 puntos	22,41	20	3,4	70
2. Garantía xardineiras ata 20 puntos	20	2,5	10	20
3. Garantía sinais ata 10 puntos	10	5	5	10
PUNTUACIÓNS TOTAIS	52,41	27,5	18,4	100

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aceptar, en base ao informe emitido polo Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Deesenvolvemento Local, a documentación xustificativa aportada pola empresa, Crous S.L, en relación a baixa temeraria da oferta presentada para optar á adxudicación deste contrato.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles na contorna comercial de 9 proxectos DA TUA MAN RURAL I, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CROUS S.L.	100,00
2ª	REVCOM ENERGIAS RENOVABLES S.L.	52,41
3º	NAROM S.L.	27,50
4º	URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE S.L.	18,40

- 3) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *“Subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles na contorna comercial de 9 proxectos “Da túa man Rural I” presentados á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”* á empresa,



CROUS S.L. que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e dacordo co seguinte detalle:

1. Prezo ofertado:

	Orzamento lic sen IVE	Prezo OFERTADO SEN IVE	21% de IVE	TOTAL IVE engadido
Arbo	3.775,11 €	3.020,00	634,20	3.654,20
Campo Lameiro	3.079,55 €	2.463,00	517,23	2.980,23
Cuntis	4.787,54 €	3.830,00	804,30	4.634,30
Forcarei	5.067,19 €	4.053,00	851,13	4.904,13
Meis	4.763,74 €	3.810,00	800,10	4.610,10
Mondariz	5.135,85 €	4.108,00	862,68	4.970,68
As Neves	5.092,22 €	4.073,00	855,33	4.928,33
Pontecesures	3.764,12 €	3.011,00	632,31	3.643,31
Rodeiro	5.363,70 €	4.290,00	900,90	5.190,90
TOTAL	40.829,02 €	32.658,00 €	6.858,18	39.516,18 €

- Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses) 24 meses .
- Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses):24 meses.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, CROUS S.L. NIF B-67152173 figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 4) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 1.632,00 €
- 5) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que



representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024. (Expte.- 2023076291).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno nº 11.33504, de data 18/03/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024.”

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e compróbase que non existen sobres “A” de empresas licitadoras que presentaran ofertas neste procedemento.

A Mesa de Contratación acorda propor ó órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024, debido a que non se presentaron ofertas de empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

7. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024. (Expte.- 2023076291).



A Presidenta decide retirar este punto da orde do día debido a que durante o prazo establecido ao efecto non se presentou ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

8. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da subministración de dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado a convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do PRTR financiado pola UE Next Generación. (Expte.- 2024008463).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024002380 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:



- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)

9. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto para a contratación da subministración de dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado a convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do PRTR financiado pola UE Next Generation. (Expte.- 2024008463).

A Mesa de Contratación na reunión do día 11/04/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente a documentación cos criterios avaliables mediante xuízos de valor da oferta presentada pola única empresa admitida.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B” que presenta a única empresa admitida, ao persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

